

La Voz de Galicia.es Sábado 12 de setembro del 2009

A Coordinadora Provincial presenta alegacións contra a contaminación eletromagnética

J.???.C. / 12/9/2009

A Coordinadora Provincial presenta alegacións contra Contaminación Electromagnética de Pontevedra para reducir os riscos para a saúde xeradas polas novas tecnoloxías. Co lema Sen saúde non se avanza un grupo de colectivo veciñais, ecoloxistas, afectados pola contaminación electromagnética e familiares de Pontevedra veñen de presentar alegacións ao Plan Avanza (na súa versión 2010/12) do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio. O documento base de dito Plan Avanza expón ampliar o desenvolvemento das novas tecnoloxías e da chamada sociedade da información.

As alegacións presentadas consideran que cando o plan apela a conceptos como calidade dun servizo, seguridade, calidade de vida, desenvolvemento sostible, aforro enerxético ou participación cidadá, son palabras baleiras e carentes de sentido senón se ten en conta a crecente preocupación e mobilización cidadán polos riscos potencias das tecnoloxías inalámbricas, especialmente as referidas a radiofrecuencias.

Entre as numerosas actuacións propostas nas alegacións se quere potenciar a implantación de redes sen fíos para o acceso a Internet especialmente en centros educativos. Incluír ademais, programas de sensibilización sobre os riscos para a saúde, así como a promoción de boas prácticas nos teléfonos móbiles e outros dispositivos inalámbricos, especialmente destinado a menores.

Nova normativa

Os colectivos solicitan a derogación do actual real decreto 1066/2001 que non protexe a saúde da poboación e só ten en conta os efectos térmicos dos microondas. Para isto, queren desenvolver unha nova normativa que teña en conta os miles de estudos realizados por científicos independentes de recoñecido prestixio nacional e internacional, recollidos no informe Bioinitiative report, inscritos nas resolucións do Parlamento Europeo e mencionados na declaración da Axencia Europea de Medio Ambiente.

Os interesados nas medidas reclaman accións que impidan a intromisión das interferencias dos intereses privados no dereito fundamental da saúde e na boa calidade vida.